



## Alumnas de Ciencias do Deporte da UDC, gañadoras do premio das xornadas de Igualdade do campus

REDACCIÓN FERROL

Un grupo de alumnas da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da Universidade da Coruña, liderado pola profesora Cristina López Villar, converteuse no gañador do premio da II Xornada Universitaria Galega en Xénero celebrada o pasado

día 12 no campus de Ferrol.

As estudantes obtiveron o galardón polo seu póster titulado "A linguaxe como medio de violencia simbólica no deporte", do que o xurado salientou tanto o interese deste tema de actualidade como o novidoso xeito co que foi abordado. No traballo, as autoras pretendían averiguar se a

linguaxe "funciona como medio de violencia simbólica para perpetuar a discriminación das mulleres no deporte, lexitimando o estatus superior dos homes sobre as mulleres".

O grupo falou con 40 voluntarias, alumnas de Ciencias do Deporte, para recabar frases machistas que recibiran ao longo da

súa carreira. Así, o póster que presentaron recollía algunhas como "Daríame vergoña que me gañara unha rapaza", dita por un adestrador de salvamento, ou "Mamá, temos unha nena no equipo, vaia merda", expresada por un xogador de fútbol de sete anos, o que demostra a visión "androcéntrica" do deporte. ▢

### ACCÉSIT

A organización da cita concedeu un accésit ao profesor da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, José Manuel Álvarez Campana -Gallo, polo póster "Paleontólogas y geólogas británicas en la revolución de la historia natural del siglo XIX".

